



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 828 Semana do 8 ao 14 de abril de 2019

## ANTE AS ELECCIÓNS DO 28A: SOBRAN MOTIVOS PARA IR VOTAR

**Redacción.-** O próximo 28 de abril celebraranse eleccións xerais no noso país, e non son unhas eleccións calquera. Porque en que situación atopámonos os cidadáns e cidadás á hora de afrontar estes comicios e que podemos esperar dos seus resultados?

Consolidouse a situación de crecemento da economía española, que comezou en 2014. Cinco anos de expansión da actividade (os tres últimos por encima do 3%) e tamén de creación de emprego e mellora da posición fiscal e financeira do noso país. Todo iso é positivo, e logrouse esencialmente grazas ao esforzo da clase traballadora, que soportamos un durísimo axuste de 2008 a 2013, ao que respondemos cunha responsabilidade solidaria e cun esforzo colectivo exemplares.

Agora, a economía vai ben, pero só para unha minoría, porque as familias traballadoras vemos como a recuperación non nos chega. O PIB crece e as empresas non só obteñen beneficios superiores aos de antes da crise, senón que os aumentan a un ritmo récord; pero néganse a trasladar esa situación de bonanza ás traballadoras e aos traballadores, que seguimos sen percibir unha mellora de calidade de vida.

Pero non só se nos está negando o que é noso, porque é o noso traballo o que está a xerar os beneficios das empresas. Moi ao contrario. A precariedade laboral, en todas as súas facetas, non deixa de crecer e os salarios non soben suficientemente, tras caer drasticamente desde 2009. A desigualdade e a pobreza crecieron ata situar a España á cabeza de Europa en tan deshonoroso ránking, afectando de maneira especialmente grave á infancia. De feito, España sitúase entre os nove países da Unión Europea onde os seus traballadores e traballadoras atópanse aínda nunha situación peor que antes da crise. A protección das prestacións e servizos públicos esenciais non deixa de reducirse, pervertindo as bases do noso estado de benestar.

### Un país precario

Aínda que mellora o emprego en ter-



mos cuantitativos, seguimos tendo a segunda maior taxa de paro de toda a UE (tras Grecia), máis do dobre da media da zona. Son máis de 3 millóns de persoas, e a metade levan máis dun ano buscando emprego e case 6 de cada 10 non cobran ningunha prestación. A metade dos mozos está no desemprego, 700.000 familias non teñen ningún tipo de ingreso, máis dun millón fogares ten a todos os seus membros en paro. E, cualitativamente, o emprego non mellora, a precariedade laboral é tamén moi elevada e está a crecer: un de cada catro asalariados ten un contrato temporal e tamén un de cada catro contratos temporais dura menos dunha semana; a contratación a tempo parcial é esencialmente involuntaria e aumentan as novas formas de prestación de servizos aínda máis desprotexidas: empresas de multiservizos, plataformas dixitais, etc.

Ter un traballo xa non é sinónimo de non ser pobre, de vivir dignamente. O emprego xa non saca ás persoas da pobreza: Eurostat di que o 26,6% da poboación no noso país segue estando en situación de pobreza ou exclusión social, o 31% dos menores de 16 anos. Un de cada tres españois asalariados ten ingresos anuais menores do SMI e 3,6 millóns de españois vive con menos da metade do salario mínimo, mentres ano a ano os salarios perderon valor e aínda se negan aos traballadores aumentos salariais significativos e ponse en dúbida a necesidade de que creza o salario mínimo interprofesional.

Sen esquecer dúas cuestións absolutamente preteritorias e inxustas: que dúas

persoas morren cada día laborable en accidentes de traballo e que un millón de traballadores e traballadoras accidentáronse en 2018; e que en España a brecha salarial é do 14,2%, segundo Eurostat, e triplicamos as taxas de Italia, Romanía e Luxemburgo, polo que as traballadoras españolas de media terían que traballar dous meses máis ao ano para gañar o mesmo salario que os seus compañeiros nas mesmas condicións laborais.

### Inxustiza social

Nun Estado no que os traballadores teñen dereitos diferentes en función de se o seu contrato é temporal ou indefinido, no que o currículo académico xa non che garante o acceso a estudos universitarios salvo que a túa familia teña diñeiro para custealos; ou que a xustiza xa non é igual para todos, porque quen teña diñeiro poderá custear as taxas xudiciais mentres que outros que non o teñen non o poderán facer; no que o dereito á vivenda non só non está garantido, senón que neste momento é un luxo ao alcance duns poucos, mentres se seguen expulsando a familias das súas casas ao non poder afrontar o pago dos seus alugueres ou as súas hipotecas e aínda se lles condena a seguir pagando a débeda.

E todo isto mentres vemos nos medios de comunicación casos de fraude, elusión e evasión fiscal, á vez que se segue sen dar

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

unha segunda oportunidade a miles de familias que sucumbiron á crise. E acompañase de dúas circunstancias que agravan a percepción (real) da inxustiza: dun lado, a deliberada e sistemática actuación en favor de grandes grupos empresariais e de determinados lobbies económicos (bancos, eléctricas, autoestradas, empresas transnacionais), ás que se transfiren directa ou indirectamente miles de millóns de euros mentres centos de miles de cidadáns e cidadás esperan desesperadamente que as axudas e as oportunidades tamén lles alcancen a eles; doutro lado, a deriva autoritaria da actuación do Estado, que levou a criminalizar a lexítima discrepancia e a protesta pacífica e a exercer unha represión descoñecida na nosa actual etapa democrática (lémbrese a Lei Mordaza ou a aplicación do artigo 315.3 do Código penal que levou a 300 sindicalistas aos xulgados), situación que nos se corrixiu a pesar do cambio do Goberno.

## Cambios necesarios

Ante isto non podemos permanecer impasibles, non podemos conformarnos. Esta é a situación actual, e a ela estamos a responder desde UGT como sempre: con diá-

logo e propostas, e con presión e mobilización. Todo para mellorar a calidade de vida da clase traballadora, e en especial aos grupos sociais máis desprotexidos económica ou socialmente: traballadores precarios, novos, mulleres, pensionistas, persoas con discapacidade e inmigrantes.

Non pretendemos ser catastrofistas. Só queremos describir a situación do noso país con toda a súa crueza. Porque os cambios son necesarios e urxentes, e si, eses cambios pódense levar a cabo. Porque as persoas non poden esperar máis.

Os problemas económicos e sociais do noso país teñen xa raíces profundas, e non se poden liquidar sen actuacións de calado, que permitan recuperar a esperanza arrebatada a millóns de persoas. A convocatoria electoral ofrece a oportunidade de dar un novo cambio nas políticas do noso país, en favor daqueles sectores sobre os que recaeu con todo o seu peso a crise, pero que non gozaron das bonanzas da recuperación.

## Mobilización electoral

Por iso, facemos un chamamento á mobilización electoral. Pero ademais porque, aínda que todos os procesos electorais son

importantes, as eleccións do día 28 de abril non son unhas eleccións calquera. A desigualdade crecente e a falta de perspectivas de vida son o caruncho do noso modelo democrático e de convivencia. Nestes momentos existe un risco certo de involución nos dereitos laborais, sociais e mesmo fundamentais, se se abren paso ás propostas de determinadas opcións políticas. Estamos nun contexto no que é necesario reforzar a democracia, a igualdade, a cohesión social e a convivencia; e iso faise votando, e facéndoo aos grupos que levan no seu programa actuacións progresistas.

Por iso, UGT insta a todos os grupos políticos que concorren ás próximas eleccións xerais a que asuman e integren as nosas propostas nos seus programas electorais, que quedan resumidas nun decálogo de propostas que elaboramos, e a que actúen en consecuencia cando, con posterioridade, teñan a oportunidade de legislar e gobernar.

E por iso dende UGT queremos facer un chamamento aos traballadores e as traballadoras a que se impliquen neste proceso electoral, a que escoiten as propostas que farán as diferentes formacións políticas, a que o fagan con espírito crítico e, finalmente, que acudan a votar e participen neste proceso electoral.

## OS TRABALLADORES DA PLANTA DE TRATAMENTO DE LIXO DE NOSTIÁN ANUNCIAN FOLGA A PARTIR DO 21

**Julio Martínez (UGT): “Non podemos seguir coas condicións laborais de 2013 e que o Concello pretenda elaborar xa os novos pliegos sen pechar un novo convenio e condeando aos traballadores no 2020 a condicións laborais de 2013”**

**Redacción.-** De novo, a convocatoria de folga indefinida voa sobre o ceo da planta de tratamento de lixo de Nostián, que xestiona a empresa Albada mediante unha concesión do Concello da Coruña.

Lembrar que xa no ano 2013 foron 108 os días de folga para reclamar un convenio colectivo digno. Convenio que, mediante unha prórroga, é o que rixe as condicións sociolaborais dos traballadores de Albada a día de hoxe.

Julio Martínez (UGT) explica que non poden continuar cunhas condicións laborais xa caducas e que urxe un novo convenio que actualice a súa situación, tanto dende un punto de vista salarial como nos outros eidos de negociación, algo ao que a empresa parece facer oídos xordos e no que o Concello da Coruña tampouco toma responsabilidades, a pesar de tratarse dunha concesión municipal.

Todo o contrario, o Concello aínda complica máis as cousas porque o 31 de decembro caduca a concesión e pretende sacar xa os novos pliegos, o que condenaría aos traballadores a seguir coas condicións de 2013. Resulta insultante que o Concello, cunha convocatoria de folga ás portas e sen un convenio actualizado, pretenda sacar os novos pliegos da concesión.

Os traballadores aclaran que se a institución municipal saca os pliegos agora, en plena convocatoria de folga, estes serán impugnados.

Julio Martínez insiste en que os traballadores non son mercadoría nin moeda de cambio, polo que insta tanto á empresa como ao Concello a que isto se resolva e a garantir unhas condicións



dignas a todos os traballadores da planta de tratamento de lixo de Nostián.

Ata o día 21 ás 22.00, momento previsto para o inicio da folga, hai tempo pero urxe achegar posturas xa porque se non os traballadores serán inflexibles coa súa convocatoria e coas súas demandas, un convenio digno e actualizado.

Hoxe pola mañá, do mesmo xeito que se fixo a semana pasada, está prevista unha concentración na Praza herculina de María Pita.

## OS TRABALLADORES DE UNITONO EN OURENSE PIDEN UN COMPROMISO FIRME CO FUTURO DESTE CENTRO E O MANTEMENTO DO EMPREGO

**Redacción.-** Os traballadores e as traballadoras do centro que Unitono ten en Ourense, con 130 postos de traballo, continúan co seu calendario de mobilizacións para demandar un compromiso firme co futuro deste centro e, polo tanto, o mantemento do emprego ao cen por cento.

Esta semana, o luns e o mércores protagonizaron sendos paros, tanto nas quedas de mañá como de tarde cun seguimento do cen por cento en ambos casos. Este xoves tiveron lugar varias asembleas de traballadores para explicarles cal é a situación actual, as actuacións que se están levando a cabo e as propostas de cara aos vindeiros días.

Á marxe das mobilizacións, estanse a manter contactos con diversas institucións na búsqueda de apoios para presionar tanto a Unitono, como a Naturgy, o único cliente do centro de Ourense, para que garantan que non se vai deslocalizar o traballo da plataforma. Mirian Varela (UGT) explicou que Unitono nega en todo momento estes feitos pero non garante por escrito a

continuidade e os traballadores xa non se fian porque tamén negou a creación dunha plataforma en Reus, despois dixo que non iba atender ao mesmo cliente, despois que si pero que o faría en catalán e agora xa se sabe que o fará tamén en galego. Ademais, é un feito que a carga de traballo está a diminuír e os traballadores e as traballadoras temen que isto se traduza nunha xustificación para o peche.

Este mércores tivo lugar unha reunión do Comité de empresa coa secretaria xeral de Emprego da Xunta onde se lle expuxo a situación e pediúselles implicación para garantir os postos de traballo. Covadonga Toca informou que o obxectivo é ter unha reunión con Unitono e comprometeuse tamén a falar co cliente, Naturgy. O xoves, nesta mesma liña, tivo lu-



gar unha reunión co presidente da Deputación de Ourense, que amosou o seu apoio.

Enriba da mesa, explicou Mirian Varela, tamén hai unha proposta para abrir unha mesa de negociación tripartita entre Unitono, o Comité e Naturgy, ao que aínda non se lle deu resposta.

## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PRESENTA EN FERROL “LA DEPURACIÓN DEL MAGISTERIO NACIONAL EN LA PROVINCIA DE A CORUÑA (1936-1945)”

**Redacción.-** A Fundación Luís Tilve presentou a súa nova publicación, “La depuración del magisterio nacional en la provincia de A Coruña (1936-1945)” en Ferrol.

No acto o secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, expuxo os traballos que ven facendo a entidade e os proxectos que xa están en marcha, para pasar, a continuación, a facer unha introdución sobre o peso da Federación de Traballadores da Ensinanza na renovación pedagóxica durante a República e incluso antes, cunha presenza moi por riba de calquera outra asociación ou sindicato, así como lembrou os nomes dalgúns mestres da FETE represaliados, tales como Ángel Mato, María Vázquez, Víctor Fraiz ou Mercedes Romero Abella.

O groso da presentación correu a cargo do autor e xomalista, Jesús Manuel García Díaz, que fixo unha estupenda exposición sobre a tramitación e o proceso depurador que exerceu o franquismo sobre os mestres e mestras máis progresistas, que estaban a traballar por xerar un país máis avanzado, xusto, e igualitario a través da educación, antes de que a imposición da ignorancia e o pensamento único cemasen o futuro do país durante 40 anos. Represión, que supuxo o asasinato de 23 mestres coruñeses, o encarceramento

de 21, a sanción de 473 (podendo ser separados definitivamente do posto) e a obriga de pasar por un proceso de depuración a 1.967 docentes. Para a depuración utilizáronse os informes da Garda Civil, do párroco (que eran os máis puntillosos e a declaración que máis “íra a misa”), do alcalde, da Falange e dun pai de familia de boas costumes.

### Derrogar a LOMCE: Un reto educativo

Esa mesma semana no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense, en colaboración con Escola Viva e o Ateneo de Ourense, a Fundación organizou unha conferencia para tratar a derogación da LOMCE e o reto educativo de sacar adiante unha nova lei que si conte cun amplo consenso da comunidade educativa, na procura dunha normativa que poida perdurar no tempo e que non teña o amplo movemento de protesta que ven arrastrando a LOMCE dende a súa aprobación. Este reto supuxo a creación da Comisión do Pacto Educativo e o intento do novo Goberno de elaborar un documento base de Proxecto de Lei, que quedou paralizado pola convocatoria das eleccións xerais e que constitúe o resultado dun amplo debate en torno a unha al-



ternativa á LOMCE, unha vez recollidas as achegas das organizacións sociais e sindicais, da Conferencia Sectorial de Educación e do Consello Escolar do Estado. Para elo nada mellor que poder contar co deputado Guillermo Meijón Couselo, vicepresidente da Comisión de Educación no Congreso, para explicar as deficiencias mostradas estes anos pola lei Wert.

Meijón expuxo, a continuación, as propostas incluídas na nova lei, como a defensa dunha escola pública suficientemente dotada en profesorado, infraestruturas e medios, na que haxa igualdade de oportunidades, a non obrigatoriedade da materia de relixión e da súa avaliación, a anulación de reválidas, a revisión do sistema de repetición de cursos, ou modificación do sistema de ciclos e itinerarios, entre outras moitas formulacións que haberá que retomar cando haxa un novo Goberno.



## HOXE, FOLGA XERAL EN ENDESA E ACTO DE PROTESTA EN MADRID ONDE SE CELEBRA A XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS

*De As Pontes partiron cinco autobuses cara Madrid*

**Redacción.-** Os sindicatos con presenza en Endesa dixeron basta. A nefasta xestión levada a cabo polos dirixentes de ENEL desde que adquiriron Endesa converteu á outrora xoia da coroa española nunha empresa limitada ao ámbito xeográfico de España e Portugal, seguindo unha estratexia de desmantelamento e descapitalización da compañía.

Para evitar que ENEL siga expoliando a Endesa, UGT FICA, como sindicato maioritario no grupo, xunto ao resto de sindicatos, convocaron unha folga xeral que vai ter o seu punto culminante nun acto de protesta en Madrid, xusto diante do hotel Marriot Auditorium, onde se vai a reunir a Xunta xeral ordinaria de accionistas.

Ademais da estratexia de espolio de Endesa, UGT FICA denuncia a ausencia dun proxecto global de futuro que permita a viabilidade e estabilidade da empresa e que supoña estabilidade no emprego, ademais da supresión unilateral dos beneficios sociais dos traballadores, e a ausencia dun plan de reindustrialización para as comarcas afectadas polos anunciados peches de centrais debido á transición enerxética.



Os traballadores e traballadoras de Endesa non van permanecer impasibles mentres asisten ao enriquecemento do Estado italiano e á repartición de cifras astronómicas en dividendos á conta do noso traballo e esforzo. Os traballadores necesitan garantías de mantemento do emprego, xa que non poden desenvolver o seu labor cotián con normalidade baixo a ameaza da incerteza que xera esta situación.

Endesa, que no seu día foi líder do sector eléctrico, debe recuperar a súa posición no mercado nacional coa entrada de capital español, e con plans estratéxicos que permitan á dirección da empresa recuperar a súa xestión, potenciar a súa política

de investimentos e restablecer a súa proxección internacional.

Independentemente de convocar esta xornada de folga en protesta á política xeral da empresa, como representantes dos traballadores, continuamos coa nosa responsabilidade de manter a negociación para lograr un acordo para o Convenio, a pesar da súa continua estratexia de bloqueo na mesa de negociación con propostas regresivas que nos levou a quedar sen convenio, e que retomamos pola recomendación que fixo a Dirección xeral de Traballo á empresa como resposta á nosa solicitude.

## OS TRABALLADORES DE GRI TOWERS SECUNDARON MASIVAMENTE A NOVA XORNADA DE FOLGA E ANUNCIAN UNHA MANIFESTACIÓN PARA O MARTES NO CARBALLIÑO

**Redacción.-** Os traballadores de Gri Towers, empresa adicada á fabricación de torres eólicas con sede no Carballiño, protagonizaron este xoves unha nova xornada de folga, secundada masivamente, para denunciar os reiterados incumprimentos dos acordos acadados na mesa de negociación; dificultade na normalización da negociación colectiva en materias de obrigada negociación como a xornada de traballo, a organización da produción, a carga de traballo ou as retribucións salariais; e tamén demandan a paralización inmediata da deriva externa da produción propia a outras factorías.

Ademais da xornada de folga deste xoves, á que xa lle precedeu



outra o día 9, hai convocadas outras os días 16, 23, 25 e 30 do mes de abril.

O vindeiro martes, día 16, está convocada unha manifestación no

Carballiño ás 11.30 horas. Os traballadores fan un chamamento á cidadanía da comarca a que participe nesta mobilización porque esta factoría é un dos motores económicos e de emprego da zona.

## FOLGA NO SECTOR DO HANDLING OS DÍAS 21 E 24 DE ABRIL

**Redacción.-** UGT e USO convocaron folga para os días 21 e 24 de abril tras non chegar a acordo algún no SIMA (Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje) que se celebrou o día 8.

Aqueles que pretenden introducir unha cláusula altamente lesiva para os intereses dos traballadores e traballadoras do sector mostráronse, durante a reunión, inflexibles nas súas explicacións, expoñendo, todos eles, argumentos moi similares.

UGT e USO, pola súa banda, solicitaron a retirada do redactado do artigo 73, pero foi de todo imposible ante a negativa reiterada por parte daqueles que se empeñan na súa inclusión no texto de convenio e que xa deixaron claro na última reunión da Comisión Negociadora que se trataba dunha cláusula innegociable, a pesar do prexudicial que resulta para miles de persoas traballadoras do sector aéreo.

Con similares e peregrinas ideas, as partes contrarias á súa eliminación, esixiron a retirada do anuncio de folga, indicando que non se ían a sentar a negociar mentres existise dita

ameaza encima da mesa.

A idea coa que todos os sindicatos abordaron, desde un principio, esta negociación foi sempre a de tratar de resolver os problemas que viñeron padecendo miles de traballadores e traballadoras pola interpretación interesada do III Convenio colectivo, e máis concretamente pola interpretación do artigo 73.

Cando parecía que se chegaba a un acordo respecto diso, do artigo sinalado, que desenvolve as normas e garantías do persoal subrogado, a patronal, sorprendentemente, desmarcouse incluíndo unha cláusula, irrenunciable para as empresas, que condena a todas aquelas persoas, que se viron obrigadas a loitar polos seus dereitos todos estes anos, a abandonar toda posibilidade de solución aos seus problemas.

UGT entende esta situación como intolérable, inadmisible e, no caso dalgún dos defensores de tal aberración, inexplicable.

Por todo iso, tanto UGT como USO ví-



ronse na obrigación de convocar folga no sector de handling, en todos os aeroportos españois, para os días 21 e 24 de abril, confiando en que, aqueles que defenden crear persoas traballadoras de primeira e de segunda neste castigado sector, recapaciten e volvan sentar na mesa de convenio con verdadeiro afán de boa fe negociadora.

UGT chama a todos os traballadores e traballadoras do sector de handling a defender os seus dereitos coa forza necesaria e demostrar a todos aqueles que defenden precarizar máis este sector que están completamente equivocados e faltos de calquera principio de solidariedade e respecto.

## OS CONVENIOS DEBEN PROTEXER DE FORMA ESPECIAL A QUEN ADQUIRE UNHA DISCAPACIDADE SOBREVENIDA

**Redacción.-** A secretaria confederal de UGT, Adela Carrió, explicou que un traballador con discapacidade sobrevenida “é un traballador con discapacidade, de maneira que opera toda a normativa nacional e internacional e, por tanto, no que respecta ao acceso ao emprego, mantemento do mesmo, cláusulas da negociación colectiva, bonificacións, cómputo de cota etc., rexe o disposto para todos os traballadores e traballadoras con discapacidade”.

“A discapacidade sobrevenida”, subliñou, “alude fundamentalmente ao momento por medio do cal a persoa adquire a discapacidade, ben por unha enfermidade (na maioría dos casos) ou por un accidente, sexa laboral ou común”.

Adela Carrió lembrou que “debido ao incremento global dos problemas crónicos de saúde asociados a discapacidades como a diabetes, as enfermidades cardiovasculares, o cancro e os trastornos mentais, estímase que as enfermidades crónicas representan o 66,5% e isto tradúcese nun incremento da

discapacidade sobrevenida en idade laboral”.

“Segundo o informe de 2015, realizado polo Observatorio Estatal da Discapacidade, sobre a reorientación vital e profesional das persoas ás que sobrevino unha discapacidade na idade adulta, cuantificouse a poboación en máis dun millón e medio de persoas das que case un millón son mulleres”.

### A prioridade, o mantemento do emprego

Carrió subliñou que “as leis contra a discriminación, que apelan ao mantemento e/ou adaptación do emprego ofrecen un punto de partida para promover a inclusión ou evitar a súa expulsión das persoas con discapacidade no mundo laboral, pero é



evidente que resultan insuficientes”.

“Hai que dar un paso máis e establecer ferramentas a través da negociación colectiva. Os convenios colectivos deben prever a posibilidade de recolocar ao traballador con discapacidade sobrevenida a un posto de traballo compatible coa súa capacidade, asignándolle o salario ao seu novo posto e coas adaptacións necesarias conforme á súa discapacidade”, afirmou.

“E, en calquera caso, é necesario revisar o Estatuto dos Traballadores así como un cambio na lexislación para que protexa de forma ampla a todos e todas”, finalizou.



## DÚAS NOVAS SENTENZAS CONFIRMAN QUE OS REPARTIDORES DE GLOVO SON TRABALLADORES DA EMPRESA

*Os xulgados dan a razón a UGT e establecen o convenio que ampara a estes traballadores*

**Redacción.-** UGT logrou dúas novas sentenzas do Xulgado do Social número 1 de Madrid ratificando que os repartidores de Glovo son traballadores da empresa. Unhas sentenzas que son de gran unha importancia porque, ademais, determinan o convenio colectivo de loxística de Madrid como a referencia que debe fixar as relacións laborais entre os repartidores e a empresa de mensaxería e establecen unha tendencia favorable á laboralización deste tipo de traballadores.

Ambas as sentenzas súmanse á data do pasado 8 de abril sobre un traballador cun contrato mercantil. Mentres que, neste caso, era traballador autónomo economicamente dependente (TRADE).

Estas sentenzas fixan sen ningún xénero de dúbida que hai unha relación la-

boral e establece o convenio colectivo de loxística e paquetería da Comunidade de Madrid para os traballadores que foron despedidos de forma improcedente e sen xustificación. Ademais, establécese a categoría de mozo/repartidor establecéndose o encadre dentro dun grupo profesional.

UGT valora estas decisións xudiciais que ratifican o compromiso do sindicato en incluír este tipo de traballos dentro da negociación colectiva, como é o caso do Acordo Marco de Hostalería onde se inclúe no ámbito funcional ás plataformas dixitais que reparten comida e bebida a domicilio e fíxase nos grupos profesionais a categoría de repartidor de plataformas dixitais. Un acordo que foi publi-



cado, recentemente, no BOE.

O sindicato continuará defendendo unha regulación laboral adecuada nas plataformas dixitais a través da súa Plataforma "A túa Resposta Sindical Xa" coa que se está introducindo e denunciando a actividade ilegal das plataformas dixitais ao eludir calquera tipo de responsabilidade.

## OS PARTIDOS POLÍTICOS DEBEN COMPROMETERSE EN FACER EFECTIVA A IGUALDADE

**Redacción.-** A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, pediu que a igualdade forme parte do debate electoral e que os partidos políticos comprométanse a legislar para desenvolver unha lei de igualdade efectiva e a implementar o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Unhas demandas que forman parte do decálogo sindical presentado aos partidos políticos para facilitar políticas que prioricen as necesidades sociais.

Antoñanzas, que fixo estas declaracións nunha rolda de prensa previa á súa intervención na charla coloquio "Reducir a brecha salarial, a prioridade", lembrou que "as brechas de xénero persisten no mercado laboral, especialmente a salarial e a que afecta á calidade do emprego", o que repercute non só no presente das mulleres, senón tamén no seu futuro, á hora de cobrar unha pensión.

Así, as mulleres en España cobraron de media 5.793,02 euros anuais menos que os homes e teñen que traballar 10 anos máis que eles para obter as mesmas retribucións. Algo que se traduce en que os empresarios se aforran 42.155 millóns de euros anuais por pagar menos ás mulleres.

Nin a formación, nin o tipo de emprego é garantía de redución da brecha salarial. Ademais, a máis idade, maior é esta.

Outro dato facilitados por Antoñanzas é que 3 de cada 4 xornadas a tempo parcial son desempeñadas por mulleres e que, no sector da hostalería, o máis feminizado e onde se dan os salarios máis baixos, as mulleres perciben case 3.300 euros menos que os homes ao ano. "Este sector necesita unha revisión e unha corrección da brecha salarial de maneira inminente", dixo.

Antoñanzas precisou que, aínda que a acción sindical, a través da negociación colectiva e os plans de igualdade, está a dar os seus froitos (a brecha salarial descendeu en 13 das 18 grandes seccións de actividade) é necesario un maior compromiso por parte dos empresarios e é imprescindible legislar para reducir a brecha salarial.

Así, lembrou as demandas sindicais aos partidos políticos, nesta materia:



Unha Lei de Igualdade Salarial, con orzamento suficiente, e que inclúa a obrigatoriedade de incluír esta premisa en todos os convenios colectivos e os plans de igualdade para as empresas de menos de 250 traballadores.

Unha Inspección de Traballo cualificada, e con recursos humanos suficientes, para detectar as múltiples vías a través das cales se discrimina ás mulleres no emprego e se lles penaliza con salarios inferiores.

Unha Lei de Igualdade consensuada cos axentes sociais. Falta un marco normativo exhaustivo que elimine a desigualdade salarial que soportan as mulleres. A lexislación actual, tanto nacional como internacional, é insuficiente para eliminar a brecha, como sinalou tamén o Parlamento europeo.

# UGT CELEBRA OS 100 ANOS DA ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores celebra o centenario da Organización Internacional do Traballo (OIT), unha das axencias especializadas máis antigas das Nacións Unidas, que este 11 de abril conmemora os seus 100 anos.

Unha data que coincide coa sesión plenaria da Conferencia de Paz de París, que o 11 de abril de 1919 adoptou o proxecto de Constitución da OIT, a cal pasou a formar parte do Tratado de Versalles, asinado o 28 de xuño de 1919 para poñer fin á Primeira Guerra Mundial. Nun contexto internacional marcado polas actividades de reconstrución e recuperación tras os estragos provocados pola guerra, a OIT foi fundada na crenza de que a xustiza social é esencial para lograr unha paz universal e duradeira.

O dereito para escolarizarse durante a infancia, afiliarse a un sindicato, constituír unha empresa sen sufrir discriminación, traballar en condicións seguras e recibir un trato digno son dereitos consagrados nas normas internacionais do traballo da OIT.

Desde a súa fundación, hai xa un século, as normas internacionais do traballo foron a base do traballo decente e da xustiza social. O diálogo social e o tripartismo contribuíron a fomentar o maior nivel de desenvolvemento económico da historia da humanidade, e cabe pensar que a súa pertinencia sexa aínda maior no futuro. Todo iso baixo os valores fundamentais de liberdade de asociación e sindicación e dereito de negociación colectiva; erradicación de todas as formas de traballo forzoso; abolición efectiva do traballo infantil; e eliminación da discriminación en materia de emprego e ocupación.

## Traballo decente e protección social

Unha das premisas fundamentais da OIT é que o traballo non é unha mercadoría. Non é un obxecto inanimado que poida negociarse para obter máis ganancias ou conseguir o prezo máis baixo. O concepto de traballo decente garda relación co respecto propio dunha persoa, así como co seu benestar e desenvolvemento como ser humano. As normas internacionais do traballo velan porque se garanta un camiño cara ao traballo decente.

Para UGT, o desenvolvemento económico debe incluír a creación de em-



prego e condicións de traballo e protección social adecuadas para que as persoas poidan traballar con liberdade e en condicións de igualdade, seguridade e dignidade. Neste sentido, as normas internacionais do traballo establecéronse para garantir que o desenvolvemento económico se centre na mellora do benestar de todos os seres humanos, como é o feito de promover e garantir os sistemas de protección social en 136 países.

## Igualdade

Alcanzar a meta do traballo decente na economía globalizada require a adopción de medidas no plano internacional que fomenten a igualdade. Iso é o que fai a Organización Internacional do Traballo desde que se creou, a través dun sistema de instrumentos xurídicos apoiados por gobernos, empregadores e traballadores.

Instrumentos como os convenios, é dicir, tratados internacionais que pasan a ser legalmente vinculantes unha vez que foron aprobados ou "ratificados" polos estados membros, ou recomendacións, que actúan como directrices non vinculantes e que establecen niveis mínimos de protección en relación con cuestións laborais específicas como o traballo infantil, o traballo forzoso e a igualdade de xénero, entre outras.

## Empresas sustentables

A Unión Xeral de Traballadores valora que un dos obxectivos principais da OIT sexa crear lugares de traballo inclusivos, responsables e sustentables, cuxo obxectivo non sexa unicamente lograr beneficios custe o que custe, senón produtos e servizos que repercutan favorablemente na comunidade, o medio ambiente e a sociedade.

O fomento da innovación e o desenvolvemento para crear máis e mellores postos de traballo require de contornas propicias a escala rexional, local e nacional. Neste sentido, a OIT ofrece asistencia en todas as escalas.

## O futuro do traballo

O mundo do traballo experimenta unha profunda transformación. A globalización e a evolución tecnolóxica marcan novos camiños cara á prosperidade, pero alteran as actuais formas de traballo.

Os avances dixitais e tecnolóxicos, que tamén inclúen as tecnoloxías da información e comunicación, crean novas oportunidades para os traballadores e as empresas. O cambio climático, a transformación demográfica, a migración e os cambios na organización do traballo afectarán a sociedades, organizacións, traballadores e empresas no seu conxunto.

Para UGT, a tendencia deses cambios e os efectos que terán no traballo dependerán das políticas que se apliquen, en particular se o noso obxectivo é forxar o futuro do traballo que queremos.

Os empregos do futuro centraranse en empregos verdes, economía do coitado, economía rural, a era dos robots ou as plataformas dixitais. A evolución do mundo do traballo requirirá o desenvolvemento de novas competencias e aprendizaxe continuada durante toda a vida, e isto supoñerá unha oportunidade para acabar coas situacións de desigualdade e pobreza social que existen na actualidade.

Cara a todo iso debe encamiñarse o movemento sindical internacional e a acción da OIT co obxectivo de lograr empregos e salarios de calidade, maiores niveis de igualdade e protección e unha xustiza social que fomente o desenvolvemento das economías a nivel mundial.

Con motivo do seu centenario, a OIT celebrará un "Percorrido Mundial" de 24 horas en directo con eventos nacionais en 24 países, que conmemorará o labor da OIT en catro continentes, desde Suva ata Lima. Unha emocionante xornada multinacional, multilingüe e multicultural a través do pasado, presente e futuro do mundo do traballo na que participarán desde bailaríns, músicos, artistas de todo o mundo, traballadores, empregadores e xefes de Estado reunidos para render homenaxe á xustiza social e ao traballo decente.